

XUSTIFICACIÓN FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

O Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, (DOG nº 102 de 30/05/2018) constitúe a base fundacional da Axencia, que nace como consecuencia do proceso de adecuación á LOFAXGA do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL), coa intención de "dotala de todos os instrumentos que lle permitan cumprir a súa verdadeira finalidade: por unha banda, ser o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade e, por outra, potenciar a calidade da produción alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario para suplir os déficits que nesta materia se produzan na nosa comunidade autónoma e establecendo como obxectivo principal da súa actividade investigadora responder aos retos científicos e tecnolóxicos aos cales se enfrontan os sectores agroforestal e agroalimentario, vinculados á mellora da súa competitividade". Así constituída, a Axencia encádrase dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA, na normativa financeira e orzamentaria de Galicia, e nos seus estatutos.

A configuración da Axencia completouse co Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 235 do 11/12/2018) e co Decreto 107/2019, do 5 de setembro, polo que se modifican os estatutos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobados polo Decreto 52/2018, do 5 de abril (DOG nº 176 do 17/09/2019).

Coa configuración presente, a Axencia integra, espallados polo territorio da Comunidade Autónoma, seis centros de formación e experimentación agraria (Sergude, Lourizán, Becerreá, Guísamo, Monforte de Lemos e Ribadeo), tres centros de investigación (Mabegondo, Lourizán e Leiro) dos que dependen catro estacións de experimentación (Monfero, Pobra de Brollón e Salceda de Caselas e Ribadumia) e o Laboratorio agrario e fitopatolóxico de Galicia (Mabegondo). En total, 14 centros, amén das dependencias centrais en Santiago de Compostela.

A Resolución do 3 de agosto de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de xullo de 2021 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (DOG nº 158 do 18/08/2021) estableceu a primeira ordenación do persoal que, principalmente, veu cubrir carencias básicas na estrutura administrativa da organización, dotando á Xerencia dos recursos imprescindibles para afrontar as





súas competencias funcionais como responsable da xestión, coordinación, control e seguimento do resto das áreas e órganos administrativos, ademais da coordinación e seguimento da xestión económica, contractual, orzamentaria e patrimonial da Axencia.

Logo de dous anos de vixencia da RPT persisten carencias en diferentes ámbitos funcionais que compre afrontar e ineficiencias estruturais a resolver. Para maior detalle nas actividades propias da Axencia e da pertinencia dos cambios propostos, os Informes Anuais de Execución, dispoñibles na páxina web da Axencia <https://agacal.xunta.gal/gl/institucional/organizacion/informes-anuais-de-execucion>.

Ao longo do 2023 tramitouse unha modificación que afectaba á totalidade de unidades dependentes da Agacal. Tralo informe favorable da dirección xeral de Simplificación Administrativa o expediente trasladouse para informe da dirección xeral de Función Pública.

Dita tramitación atópase actualmente paralizada, debido aos cambios na estrutura da Axencia derivados da aprobación do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e ao cambio da persoa titular da Dirección.

Sen embargo, existe unha problemática que compre solucionar con carácter urxente e que se atopaba prevista na proposta inicial de modificación, relativa á creación da praza de xefatura de sección (N25) de habilitación de nóminas, para poder asumir a Axencia definitivamente esta competencia.

Para efectuar esta creación, realizarase a amortización de dúas prazas, xefaturas de sección N25 e N22 na Área de Calidade Alimentaria, tamén previstas xa na modificación que se comezou a tramitar no 2023.

▪ XERENCIA

A autonomía de xestión esixe da Axencia a disposición da capacidade necesaria para a xestión das nóminas do seu persoal. Ata a data, esta función desenvolveuse contando co apoio da habilitación da Consellería do Medio Rural. Compre arbitrar os instrumentos precisos para a asunción plena da competencia. A tal fin, incorpórase na Xerencia a figura dunha habilitación de nóminas.

Por tanto, na Xerencia prodúcese o seguinte cambios:

CREACIÓNS							
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	N	PROV	SUB	C/E	OBS	
MR.A11.00.002.15770.010	HABILITACIÓN	25	CE	A1A2C1	XERAL	DH	
	NÓMINAS						





▪ **ÁREA DA CALIDADE ALIMENTARIA**

Amortízanse as xefaturas de sección (N25 e N22) vacantes trala adscrición dos seus titulares en postos de superior nivel, co gallo da organización do departamento na primeira RPT.

AMORTIZACIÓNS						
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	N	PROV	SUB	C/E	OBS
MR.A11.00.004.15770.026	XEFATURA SECCIÓN	25	C	A1A2	EME4/ESE2	
MR.A11.00.004.15770.027	XEFATURA SECCIÓN	22	C	A1A2	EME4/ESE2	

O/a xerente da Agacal
Por suplencia (Resolución do 27/03/2024)
A xefa do Departamento de Coordinación Administrativa
Laura Mezquíriz Miguel





XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN PARCIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

1. POSTOS A AMORTIZAR

PERSOAL FUNCIONARIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO	N/CAT	CUSTE	LIÑA
MR.A11.00.004.15770.026	XEFATURA SECCIÓN	A1A2	25	53.764,18	1342
MR.A11.00.004.15770.027	XEFATURA SECCIÓN C	A1A2	22	46.693,22	

2. POSTOS QUE SE CREAN

PERSOAL FUNCIONARIO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO	N/CAT	CUSTE	LIÑA
MR.A11.00.002.15770.010	HABILITACIÓN NÓMINAS	A1A2C1	25	55.089,96	

3. SALDO ECONÓMICO DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

POSTOS A AMORTIZAR	-100.457,40
POSTOS QUE SE CREAN	55.089,96
SALDO	-45.367,44

O/a xerente da Agacal
Por suplencia (Resolución do 27/03/2024)
A xefa do Departamento de Coordinación Administrativa
Laura Mezquíriz Miguel



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

15/07/2024

Persoal funcionario

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Adm. P. func.	Área func.	Titulación académica	Formación específica	Observacións
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA (AGACAL)										
CENTRO DE DESTINO: XERENCIA										
MR.A11.00.002.15770.010	XEFATURA SECCIÓN HABILITACIÓN DE NÓMINAS	25	14.828,38	CE	A1-A2-C1	XERAL	AXG	PER		DISPOÑIBILIDADE HORARIA (ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DO 30/12/2008).

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN

CE CONCURSO ESPECÍFICO

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS ÁREAS FUNCIONAIS

PER PERSOAL

EQUIVALENCIAS

15/07/2024

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Persoal funcionario

Código do posto	Denominación	Complem. Niv. específico	Forma prov.	Subgrupo	Corpo / Escala	Adscr. Adm. P. func.	Área	Titulación académica	Formación específica	Observacións
AXENCIA GALEGA DE CALIDADE AGROALIMENTARIA (AGACAL)										
CENTRO DE DESTINO:		XERENCIA								
MR.A11.00.002.15770.010	XEFATURA SECCIÓN HABILITACIÓN DE NÓMINAS	25	14.828,38	CE	A1-A2-C1	XERAL	AXG	PER		DISPONIBILIDADE HORARIA (ACORDO DO CONSELLO DA XUNTA DO 30/12/2008).
Posto novo										

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS FORMAS DE PROVISIÓN

CE CONCURSO ESPECÍFICO

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS

AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.

CÓDIGO - DESCRICIÓN DAS ÁREAS FUNCIONAIS

PER PERSOAL